

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E BENESTAR PARA O FINANCIAMENTO DO MANTEMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS PADERNE DE ALLARIZ E A GUARDA NO ANO 2025 CON CRÉDITOS DESTINADOS AO PROGRAMA DE IMPULSO DE ESCOLARIZACIÓN NO PRIMEIRO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL CON NOVAS PRAZAS DE TITULARIDADE PÚBLICA, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATION EU.

No lugar e na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Igualdade en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomea aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia, que actúa no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa presidencia, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por Resolución de 8 de abril de 1991 (*Diario Oficial de Galicia* nº82, do 30 de abril de 1991).

Doutra parte, Perfecto Rodríguez Muíños, actuando en representación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, na súa condición de xerente, segundo o Acordo do nomeamento do seu Comité Directivo do 12 de novembro de 2015 publicado por Resolución do 13 de novembro de 2015 (DOG núm. 221, do 19 de novembro de 2015), e mediante Resolución do 9 de setembro de 2022 de delegación de competencias na Xerencia deste organismo (DOG núm. 180, do 21 de setembro de 2022), da Presidenta do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, en virtude do previsto no artigo 13 dos Estatutos do Consorcio (DOG núm. 131, do 7 de xullo de 2006) de



conformidade coas atribucións que lle encomendan os artigos 18 e demais concordantes dos referidos estatutos.

Todas as partes interveñen no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecendo mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante este convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

1. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e consonte a disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e o Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.
2. Que este convenio está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, segundo o disposto no artigo 6.2; e polo tanto rexeráse polas súas normas especiais, aplicándose os principios de esta Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que puideran presentarse segundo establece o artigo 4.
3. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social e, en virtude da mencionada competencia, foron aprobadas a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia.



4. Que a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, establece, no seu artigo 49.1 que a Administración autonómica garantirá a calidade e o carácter inclusivo dos recursos de educación infantil 0-3, avanzará na súa universalización e gratuidade e promoverá unha dotación suficiente de prazas e os recursos para facer efectivas as posibilidades de acceso, permanencia e promoción de toda a poboación infantil a esta etapa educativa, preferentemente en centros públicos.

5. Que a Consellería de Política Social e Igualdade, ao abeiro do disposto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano superior da Administración autonómica ao que lle corresponde a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica a promoción e adopción das medidas que aseguren a conciliación corresponsable da vida persoal, familiar e laboral como medio para garantir un ambiente favorable para a creación e o libre desenvolvemento das familias.

6. Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, entidade do sector público autonómico de Galicia, constituído en virtude do convenio de colaboración suscrito entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e catorce concello galegos, o día 3 de xullo de 2006, de acordo co artigo 6 dos seus estatutos, publicados no DOG do 7 de xullo de 2006, ten como misión primordial a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local, con atención especial á xestión integral das Escolas Infantís de titularidade municipal, no ámbito territorial dos entes consorciados.

7. Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar está recoñecido como entidade prestadora de servizos sociais e inscrito no RUEPSS con número de rexistro E2088.

8. No marco das súas competencias, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar é titular da Escola infantil 0-3 Paderne de Allariz con número de rexistro E2088C248, que presta servizos dende o 17 de setembro de 2021 ofertando 41 prazas, e da Escola Infantil 0-3 A Guarda con número de rexistro E2088C250, que presta servizos dende o 5 de setembro de 2022 ofertando igualmente 41 prazas.



9. Que o Consello Europeo aprobou o 21 de xullo de 2020 a creación do programa NextGenerationEU, como instrumento de estímulo económico en resposta á crise causada polo coronavirus.

O 10 de novembro de 2020, o Parlamento Europeo e o Consello alcanzaron o acordo sobre o paquete de medidas que inclúe os fondos de NextGenerationEU e o Marco Financeiro Plurianual 2021-2027, creándose o Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, como instrumento de apoio aos Estados membros a través de transferencias directas e préstamos para incrementar os investimentos públicos e acometer reformas para paliar os devastadores danos producidos pola COVID-19.

De conformidade co Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, sinalase que os Estados membros elaborarán plans de recuperación e resiliencia nacionais para acollerse a este e alcanzar os obxectivos establecidos e presentarse formalmente polos Estados, como moi tarde o 30 de abril de 2021.

No ámbito nacional, en virtude da Resolución da Subsecretaría de Asuntos Económicos e Transformación Dixital do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital do 29 de abril de 2021, publícase o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que define as estratexias a seguir no desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación.

Dentro dos obxectivos que recolle o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, encádrase o investimento C21.I01 Programa de impulso da escolarización no Primeiro Ciclo de Educación Infantil con novas prazas de titularidade pública, que encaixa na compoñente C21: «modernización e dixitalización do sistema educativo, incluída a educación temperá de 0-3 anos ». Esta compoñente, inclúe, entre outros, a creación de infraestruturas e equipamentos para novas unidades (aulas) partindo de edificios de centros educativos que necesitan reformas ou rehabilitación, así como obras para a adecuación do espazo as necesidades educativas do alumnado neste ciclo, ou construción de aulas de en centros de titularidade local e estatal, debendo



priorizar o acceso do alumnado en zonas con maior incidencia en risco de pobreza ou exclusión social e a extensión a áreas rurais.

O obxectivo deste investimento é a creación de 65.382 prazas públicas en toda España ata o 31 de decembro de 2025, correspondéndolle a Galicia 3.417 prazas.

10. Que en virtude do Acordo do 25 de novembro de 2021 da Conferencia Sectorial de Educación, publicado no *Boletín Oficial de Estado (BOE)* Núm. 312 do 29 de decembro de 2021, modificado polo Acordo de 13 de decembro de 2022 (BOE Núm. 5 do 6 de xaneiro de 2023) e polo Acordo de 13 de decembro de 2023 (BOE Núm. 308 do 26 de decembro de 2023) aprobábase a distribución territorial e os criterios de reparto dos créditos xestionados polas Comunidades Autónomas destinados ao programa de impulso de escolarización no primeiro ciclo de educación infantil con novas prazas de titularidade pública, prioritariamente para nenas e nenos de 1 e 2 anos.

11. Ao abeiro do dito Acordo do 25 de novembro de 2021 da Conferencia Sectorial de Educación e das súas posteriores modificacións no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia convocáronse axudas a través da Orde da Consellería de Política Social e Xuventude de 23 de setembro de 2022, pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa de impulso de escolarización no primeiro ciclo de educación infantil con novas prazas de titularidade pública, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU, publicada no *Diario Oficial de Galicia (DOG)* Núm. 191 do 6 de outubro de 2022, modificada pola Orde de 6 de setembro de 2023 (DOG Núm. 174 do 13 de setembro de 2023) e a pola Orde de 9 de agosto de 2024 (DOG Núm. 159 do 20 de agosto de 2024).

12. As ditas convocatorias estaban dirixidas á creación e mantemento de novas prazas do primeiro ciclo de educación infantil 0-3 pola Administración estatal, as entidades locais e os organismos dependentes das entidades locais, polo que o Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar, estaba excluído para a concorrência á concesión destas subvencións.

13. Que cumprindo as escolas infantís da Guarda e Paderne de Allariz cos requisitos establecidos no Acordo do 25 de novembro de 2021 da Conferencia Sectorial de



Educación e das súas posteriores modificacións, ao se ter creado despois do 1 de xaneiro de 2021 e mantido con fondos públicos, e a non poder concorrer o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar titular das mesmas ás ordes de convocatoria de axudas, faise necesario instrumentar esta subvención de acordo ao establecido nos artigos 19.4 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a través dun Convenio de Colaboración coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto do convenio*

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco da colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar para o financiamento do mantemento das prazas ofertadas polas escolas infantís Paderne de Allariz (E2088C248) e A Guarda (E2088C250), para o ano 2025, a través da concesión directa dunha subvención pública.

Segunda. *Actuación subvencionable*

A Consellería de Política Social e Igualdade compensará os gastos de funcionamento das prazas ofertadas nas escolas infantís Paderne de Allariz e A Guarda , incluídas a remuneración do persoal , durante o ano 2025 cun límite de 3.982 euros por praza ofertada, sendo elixible o gasto en concepto do IVE.

Terceira. *Orzamento*

A Consellería de Política Social e Igualdade contribuirá ao financiamento dos gastos derivados do funcionamento das escolas infantís de Paderne de Allariz e A Guarda cunha contía de trescentos vinte e seis mil cincocentos vinte e catro euros (326.524 €), con fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU , con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.312B.442.07 dos orzamentos da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Igualdade.



Cuarta. Xustificación e pagamento

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar xustificará os gastos de cada escola infantil de xeito independente. De conformidade co disposto no artigo 40.1.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establécese como data límite do prazo de xustificación das actuacións desenvolvidas o 5 de decembro de 2025.

O pagamento da contía referida a cada anualidade e escola infantil farase efectivo unha vez presentada a seguinte documentación :

a) Certificado, asinado polo persoa representante legal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar , no que consten o número de prazas ofertadas en cada escola infantil para o ano 2025.

b) Relación clasificada dos gastos de persoal e mantemento correspondente ás prazas ofertadas.

c) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente do total dos gastos de persoal e mantemento correspondente ás prazas ofertadas xunto cos xustificantes que acrediten o seu pagamento.

d) Declaración de Adhesión ao cumprimento dos principios transversais establecidos no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Anexo I)

e) Certificado do cumprimento do principio de non causar dano significativo a ningún dos obxectivos ambientais establecidos no Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020 (principio de do not significant harm-DNSH)

En todo caso, a Consellería de Política Social e Igualdade queda facultada para recadar en calquera momento a información que considere necesaria para o seguimento da efectividade do contido deste convenio, e para esixir cantos documentos estime necesarios para a debida xustificación do gasto.



Quinta. Obrigas da entidade beneficiaria

1. Para dar cumprimento ao mandato establecido no artigo 22.2.d) do Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e consonte ao artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, polo que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a Consellería de Política Social e Igualdade recadará os seguintes datos identificativos da entidade beneficiaria:

I) NIF da entidade beneficiaria.

II) Razón social da persoa xurídica.

III) Domicilio fiscal da persoa xurídica.

IV) Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. (Anexo IV B da Orde HFP/1030/2021)

V) Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puideran afectar ao ámbito obxecto de xestión. (Anexo IV C da Orde HFP/1030/2021)

2. Son obrigas da entidade beneficiaria ademais das establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as seguintes:

a) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos órganos competentes da Administración autonómica, estatal e comunitaria no exercicio das súas funcións.

b) A entidade beneficiaria deberá cumprir coas esixencias de información e publicidade sinaladas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021. De acordo co disposto no artigo 34.2 do devandito Regulamento (UE) 2021/241, a entidade beneficiaria fará mención da orixe deste



financiamento e velará por darlle visibilidade, incluído, cando cumpra, mediante o emblema da Unión Europea e unha declaración de financiamento adecuado que indique “financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU”, en particular, cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público. Deberá cumprirse tamén co establecido en materia de comunicación, información e publicidade na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, en especial co previsto no seu artigo 9. Tamén deberán constar o símbolo e logotipo da Xunta de Galicia e da Consellería de Política Social e Igualdade en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

c) En relación coa publicidade do financiamento, a entidade beneficiaria deberá durante un período mínimo igual ao da obriga de conservación da documentación xustificativa da aplicación dos fondos que se recolle no seguinte apartado d), informar o público do apoio obtido colocando, polo menos un cartel con información sobre o proxecto (dun tamaño mínimo A3), en que mencionará a axuda financeira nun lugar ben visible para o público.

d) Respecto ás normas de conservación de documentación de fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) cumprirase co disposto no artigo 132 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión. En particular, os perceptores manterán un rexistro e conservarán os documentos xustificativos, os datos estatísticos e demais documentación concernente ao financiamento, así como os rexistros e documentos en formato electrónico, durante un período de cinco anos a partir do pago do saldo ou, a falta do devandito pago, da operación. Este período será de tres anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 €.

e) Respetar as normas que se puidesen establecer a nivel nacional e europeo en relación á xestión dos fondos asociados ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), en particular as que estableza a Secretaría Xeral de Fondos Europeos do Ministerio de Facenda, así como os Actos Delegados da Comisión Europea que poidan desenvolverse para tal fin.



f) Dispoñer dos procedementos de xestión e control que garantan o bo uso e aplicación das axudas.

g) Cumprir cantas instrucións reciba das Autoridades Nacionais e Europeas de Xestión ou de Certificación destes fondos asociados ao PRTR, conforme ao Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e o Consello, do 12 de febreiro de 2021, e o Real Decreto-lei 36/2020 do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do PRTR. En particular, cumprir co establecido no Acordo de Implementación do Consello (CID pola súa siglas en inglés), de contribuír aos obxectivos de cambio climático, ao establecido en relación ao principio de non causar dano significativo (principio de DNSH), evitar conflitos de intereses, fraude, corrupción, non concorrencia de dobre financiamento, entre outros.

h) Igualmente, deberá garantirse o pleno respecto á normativa reguladora das Axudas de Estado e terase que cumprir a normativa europea e nacional aplicable, en especial, as medidas relativas a evitar fraude, corrupción, conflito de intereses ou dobre financiamento. O Regulamento financeiro da Unión Europea e o Regulamento (UE) 2021/241 amparan a complementariedade dos distintos fondos da Unión Europea e prohiben o dobre financiamento dos mesmos gastos.

En particular, o artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241 establece que as reformas e os proxectos de investimento financiados co MRR, poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión, sempre que a dita axuda non cubra o mesmo custo.

En base ao anterior, a prevención do dobre financiamento eríxese como principio transversal de obrigatoria consideración na execución do PRTR.

Así mesmo, as actuacións que sexan financiadas polo MRR deberán quedar claramente diferenciadas das que sexan financiadas a través doutras fontes, con identificación dos fitos ou obxectivos que a aquelas lles correspondan.

i) A entidade beneficiaria garantirá o respecto ao cumprimento do principio horizontal DNSH "non causar prexuízo significativo" que establece o artigo 2.6) do



Reglamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, respecto dos 6 obxectivos medioambientais recollidos no artigo 5 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e definidos no Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles e polo que se modifica o Regulamento 2019/2088 de taxonomía da UE. Así dentro de cada actuación, avaliarase o cumprimento do principio DNSH sobre cada un dos 6 obxectivos medioambientais, segundo o definido na "Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (C/2023/111). Pola natureza da actuación non é de aplicación o condicionado específico do principio DNSH do investimento Compoñente 21.I01 no que se encadra esta actuación.

j) En aplicación dos artigos 2.2.b) e 4 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, deberán preverse medidas para cumprir o compromiso de etiquetado verde e dixital previsto (para cada investimento) no PRTR, con base no Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro. A compoñente 21 contribúe á transición ecolóxica cun 0% e á transición dixital cun 8,6%.

k) Introducir na plataforma informática CoFFEE, sistema de información de xestión do PRTR dependente do Ministerio de Facenda, os datos requiridos sobre o grado de execución do gasto e o avance no cumprimentos dos fitos e obxectivos. No suposto de que a entidade beneficiaria subcontrate parte ou toda actividade obxecto do convenio deberá prever os mecanismos para asegurar que os subcontratistas cumpran cos principios transversais establecidos na Orde HFP/1030/2021 no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

l) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sexta. Fraude, corrupción e conflito de intereses.

En cumprimento do establecido no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, estableceranse mecanismos para a prevención, detección, corrección e persecución da fraude, a corrupción e o conflito de interese.



Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade, en relación con actuacións financiadas total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco deste convenio, poderá poñer os devanditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web: <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>

Así mesmo, a Xunta de Galicia pon ao dispor da cidadanía unha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude, que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención a Cidadanía (SIACI).

A ligazón á canle de denuncias é a seguinte: <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>

Estas canles garanten o anonimato da persoa denunciante.

Será de obrigatoria aplicación ao convenio o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas Antifraude da Xunta de Galicia e o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas Antifraude da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Igualdade:

<https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/codigo-etico/plan-prevencion-riscos-medidas-antifraude-gal.pdf>

<https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/plans/antifraude/politica-social-igualdade/plan-antifraude-dxfidd-2024.pdf>

Será de obrigado cumprimento a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI). Esta obrigaón débese aplicar nas diferentes fases do convenio a todos os intervinientes no mesmo.

Ao tratarse dun convenio con entidade beneficiaria determinada xa coñecida aplícase o réxime xeral de conflito de interese da Orde HFP 1030/2021. Non obstante, os procedementos de adxudicación de contratos e de concesión de subvencións, que se



poidan levar a cabo en virtude deste convenio, estarán sometidos á análise sistemática do risco de conflito de interese que regulan a DA 112ª da Lei 31/2022, do 23 de decembro, e a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro. Os pregos de contratación e a normativa reguladora da subvención vencellados ao PRTR deberán recoller unha cláusula do seguinte teor: "ANÁLISE SISTEMÁTICA DO RISCO DE CONFLICTO DE INTERESE NOS PROCEDIMENTOS DE CONTRATACIÓN/SUBVENCIÓN QUE EXECUTAN O PRTR"

O presente procedemento de subvención está suxeito a análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese prevista na disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023 e na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

De acordo co establecido no artigo 7 da Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, o órgano competente para a concesión da subvención poderá solicitar ao Consorcio Galego de Igualdade e Benestar a información da súa titularidade real cando a AEAT non dispoña desa información e así o indicase mediante a correspondente bandeira negra, tendo en conta a análise realizada a través da aplicación informática MINERVA de análise de risco de conflito de interese. Este suposto non implicará a suspensión automática do procedemento en curso, pero a dita información deberá aportarse ao órgano que concede no prazo de 5 días hábiles desde que se formule a solicitude de información. A falta desta información no prazo sinalado será motivo de exclusión do procedemento.

Os datos, unha vez recibidos, serán adecuadamente custodiados de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A través aplicación MINERVA, o responsable de operación levará a cabo un novo control ex ante do risco de conflito de interese, indicando, en lugar do solicitante da axuda, os titulares reais recuperados polo órgano competente para a concesión da subvención.



Segundo establece o artigo 22.2e) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, os perceptores finais dos fondos desembolsados e todas as demais persoas ou entidades que interveñan na aplicación do convenio están sometidas ás actuacións de control que poida exercitar a Comisión Europea, a Oficina Europea de Loita contra a fraude (OLAF), o Tribunal de Contas Europeo e, cando cumpra, á Fiscalía Europea.

Sétima. Publicidade do convenio

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións .

Oitava. Comisión de seguimento

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dous representantes do Consorcio Galego de



Servizos de Igualdade e Benestar así como os seus suplentes, designados polas persoas que representen a cada unha das partes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da consellería, designada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de familia, infancia e dinamización demográfica.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral competente en materia de familia, infancia e dinamización demográfica, designada pola persoa que asuma a presidencia da comisión, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015 de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Novena. *Información básica de protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia- Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou



no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Décima. *Relación por medios electrónicos*

En cumprimento do disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a relación administrativa entre as partes asinantes realizarase por medios electrónicos.



Décimo primeira. *Vixencia do convenio*

Este convenio estará en vigor dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025, producindo os seus efectos dende o 1 de xaneiro de 2025.

Décimo segunda. *Natureza xurídica*

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas súas cláusulas e, no seu defecto, aplicaráselles os principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar. Á súa vez, en canto lle sexa de aplicación, estarase ao disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normas de procedente aplicación.

Ao tratarse dun convenio executado no marco do PRTR, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, serán de aplicación:

- Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello do 14 de decembro de 2020 polo que se establece un Instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19.
- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban as medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.



- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

- Acordo do 25 de novembro de 2021 da Conferencia Sectorial de Educación, publicado no BOE Núm. 312 do 29 de decembro de 2021, modificado polo Acordo de 13 de decembro de 2022 (BOE Núm. 5 do 6 de xaneiro de 2023) e polo Acordo de 13 de decembro de 2023 (BOE Núm. 308 do 26 de decembro de 2023)

Décimo terceira. *Resolución do convenio*

Darán lugar á resolución deste convenio as causas que a continuación se relacionan, procedendo de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, sendo necesario o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de demora reportados desde o momento do seu pagamento, ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro:

- mutuo acordo das partes asinantes
- incumprimento das cláusulas do convenio por algunhas das partes asinantes, cos efectos previstos no artigo 51.2.c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro.
- resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como incumprimento das obrigas contables.

O procedemento de reintegro é o establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Décimo cuarta. *Cuestións litixiosas*

Correspóndelle á Consellería de Política Social e Igualdade a resolución das cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos deste convenio e os seus acordos poñen fin á vía administrativa.



Contra estes acordos poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou directamente recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. En proba de conformidade con canto antecede, ambas partes asinan o presente convenio de colaboración, no lugar e data expresados dixitalmente

A conselleira de Política Social e
Igualdade

O xerente do Consorcio Galego de
Servizos da Igualdade e Benestar

Fabiola García Martínez

Perfecto Rodríguez Muíños

